

A comunicación conterá, como mínimo, a información seguinte:

1. Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
 2. Nome e datos de contacto do delegado de protección de datos ou de outro punto de contacto no que poida obterse máis información.
 3. Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
 4. Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.
- Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de xeito gradual sen dilación indebida.
- J. DEPUTACIÓN devolverá a quen o COAG designe toda a documentación e os datos persoais unha vez finalice o depósito obxecto do convenio, e suprimirá as copias existentes a menos que se requira a conservación dos datos persoais en virtude do Dereito nacional ou da Unión Europea.
- Non obstante, A DEPUTACIÓN pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución do convenio.
- K. DEPUTACIÓN porá a disposición do COAG toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas na presente cláusula e na normativa aplicable en materia de protección de datos, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte do responsable ou de outro auditor autorizado por dito responsable. A este respecto, a DEPUTACIÓN informará inmediatamente o COAG se, na súa opinión, unha instrución infrinxe a normativa aplicable en materia de protección de datos.
- L. Corresponde ó COAG:
1. Entregar ou dar acceso a DEPUTACIÓN os datos obxecto de tratamento.
 2. Realizar, no seu caso, unha avaliación do impacto na protección de datos persoais das operacións do tratamento a realizar por o encargado.
 3. Realizar as consultas previas que corresponda.
 4. Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, por o cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos por parte do encargado.
 5. Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.

As partes designan como punto de contacto para os interesados os seus respectivos domicilios e sedes electrónicas.

As partes poñerán a disposición dos interesados os aspectos esenciais deste convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado este exemplar no lugar e data expresados.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia número 3294 de 28 de xaneiro de 2019

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado este exemplar no lugar e data expresados."

O PRESIDENTE, P.D.,
O DEPUTADO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTAS E
RÉXIME INTERIOR

Asdo.: D. Antonio Leira Piñeiro

O REPRESENTANTE DO COLEXIO OFICIAL DE
ARQUITECTOS DE GALICIA

Asdo.: D. Roberto Costas Pérez

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: José Luis Almu Supervía



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 12 /2019

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O DEPÓSITO DO FONDO DOCUMENTAL DA DELEGACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NA CORUÑA, RELATIVO AO PLANEAMENTO DA PROVINCIA.

En A Coruña a 11 de febreiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Leira Piñeiro, Deputado de Economía, Facenda, Contas e Réxime Interior, en virtude das resolucións da Presidencia num. 15671/2015 e num. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra, Roberto Costas Pérez, Presidente da Delegación da Coruña do COAG, en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en diante COAG).

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

I. Que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é unha corporación de dereito público que ten encomendado legalmente, como función pública o visado de traballos profesionais dos Arquitectos. Así mesmo, o COAG ten entre as súas funcións, apoiar aos Arquitectos no exercicio profesional constituíndo e prestando todo tipo de servizos incluídos os de información profesional e técnica. Que os Arquitectos son competentes para a redacción de todo tipo de instrumentos de planeamento, sendo o ámbito do urbanismo, un sector moi importante do traballo dos Arquitectos.

Por tal motivo, o COAG, e en concreto a súa delegación da Coruña, no exercicio da súa función de visado ten xerado un arquivo de traballos profesionais de urbanismo nos diferentes concellos da provincia da Coruña, cuxo visado se ten tramitado e, así mesmo, na súa función de prestar aos Arquitectos todo tipo de información profesional e técnica, ten acumulado exemplares de instrumentos de planeamento dos diferentes concellos da provincia que eran remitidos polos concellos ao COAG desde o principio de cooperación, para consulta dos seus colexiados así como as publicacións nos Diarios Oficiais e Boletíns da Provincia das aprobacións e modificacións dos instrumentos de planeamento que atinxen a ese territorio.

Do exercicio de ambas funcións a Delegación da Coruña do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ten acumulado un fondo documental de instrumentos de planeamento (xeral e de desenvolvemento: PXOM, Plans Parciais, Plans Especiais, E.D, etc....) de diferentes concellos da Provincia da Coruña.

II.- Que a Lei autonómica 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, no seu artigo 5.1 d), considera como documentos de titularidade pública, aqueles documentos das corporacións de dereito público de Galicia, producidos e recibidos no relativo ás súas funcións públicas atribuídas, entre os que se atopan os traballos profesionais compilados polo Colexio de Arquitectos de Galicia, ao exercer o labor de visado como función xurídica pública encomendada legalmente ao Colexio, formando parte do patrimonio documental de Galicia (art. 6). Que, pola súa banda, as copias dos instrumentos de planeamento que acumulou o COAG para consulta de seus colexiados (e non visados) son documentos de titularidade privada, si ben a Lei 7/2014 e a Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia establecen que poden integrarse no patrimonio documental de Galicia aqueles documentos que merezan a dita consideración en atención ao seu valor cultural.

III.- Que a DEPUTACIÓN e o COAG coinciden na importancia e utilidade da conservación do dito fondo documental ao servizo da investigación, da cultura e a información aos cidadáns. Aínda sendo certo que non son exemplares únicos, na medida en que existen exemplares dos mesmos como parte integrante dos expedientes administrativos da aprobación de ditos instrumentos de planeamento (sendo requisito legal) é vontade de

ambas partes manter o devandito fondo documental da Delegación do COAG na Coruña como unha referencia unitaria, no convencemento común de que os ditos instrumentos, teñen unha importancia para a historia do urbanismo contemporáneos da provincia fóra de dúbida.

IV.- Polo exposto, as partes están interesadas en colaborar co obxecto de garantir a adecuada conservación, custodia e utilización do devandito fondo documental e a tal efecto acordan o DEPÓSITO do mesmo no arquivo da Deputación da Coruña con base nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O COAG E A DEPUTACIÓN acordan o depósito do fondo documental de instrumentos de planeamento da provincia da Delegación do COAG na Coruña no Arquivo da DEPUTACIÓN.

SEGUNDA.- O depósito da documentación ten carácter indefinido, cun prazo mínimo de dez anos.

TERCEIRO.- O COAG, mantén a propiedade sobre os fondos documentais depositados.

CUARTA.- A Deputación da Coruña incorporará ditos documentos ao seu Arquivo, proporcionando ao dito fondo documental o tratamento arquivístico adecuado, e responsabilizarase do tratamento científico e técnico da documentación, en orde a garantir a súa custodia, conservación e a súa máis fácil consulta por parte dos investigadores e demais usuarios, considerando, así mesmo, que se trata dunha documentación de interese para a sociedade.

A Deputación como depositaria organizará a documentación obxecto de depósito conforme aos criterios arquivísticos que considere acidos para integrala no seu arquivo si ben comunicará ao COAG unha descrición a nivel de inventario que reflecta a organización e/ou identificación que terán tales documentos unha vez integrados no seu arquivo ao obxecto da fácil identificación e localización do fondo documental do COAG depositado.

A Deputación facilitará o acceso á documentación obxecto de depósito, ao COAG, aos autores de ditos traballos profesionais, a outras Administracións Públicas interesadas, tanto locais como a Administración Autonómica, podendo no seu caso a Administración autonómica, si fora do seu interese, incorporar a dita documentación ao SITOUGA (Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia) e a terceiros, neste último caso co límite que no seu caso dispoñan as normas vixentes en cada momento.

Así mesmo, a Deputación poderá trasladar temporalmente os documentos obxecto do presente convenio de colaboración, fora dos seus locais, sempre que sexa por motivos de orde cultural – exposicións, mostras, congresos, etc.- incluíndo a súa entrega a centros técnicos especializados en restauración, micro-filmaxe, dixitalización e outros procesos de características semellantes.

QUINTA.- As partes acordan a colaboración en orde a calquera eventual operación de expurgo que a Deputación quixera propoñer en relación á documentación depositada, como consecuencia do tratamento arquivístico da mesma, debendo solicitar no seu caso un informe vinculante ao COAG.

SEXTA.- O presente depósito poderá ser ampliado con transferencias posteriores de documentación que ambas partes acordaran, mediante a incorporación dunha relación dos documentos transmitidos en depósito que se incorporarían como anexos ao presente convenio.

SÉTIMA.- En tanto que o obxecto de este convenio implica a posibilidade de acceso por parte da DEPUTACIÓN a tratamentos de datos de carácter persoal dos que é responsable o COAG, tal acceso está sometido ó establecido na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, especialmente no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e por o que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos), por o que non se considerará comunicación de datos o acceso por a DEPUTACIÓN ós datos persoais contidos na documentación obxecto de depósito e tratados baixo a responsabilidade do COAG, tendo a DEPUTACIÓN a consideración de encargado do tratamento, sempre que se cumpra o establecido na citada normativa e no presente convenio:

- A. Como encargado do tratamento, a DEPUTACIÓN tratará os datos persoais soamente seguindo as instrucións do COAG, inclusive con respecto ás transferencias de datos persoais a un país terceiro ou unha organización internacional, salvo que estea obrigado a elo en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que se aplique ó encargado; en tal caso, a DEPUTACIÓN informará ó COAG de esa esixencia legal previa ó tratamento, salvo que tal Dereito o prohiba por razóns importantes de interese público. En ningún caso, a DEPUTACIÓN poderá utilizar los datos para fins propios alleos ó contido do presente convenio.

- B. A DEPUTACIÓN garantizará que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometeran de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que terá que informarlles convenientemente. O deber de segredo manterase incluso despois de que finalice o convenio.
- C. A DEPUTACIÓN, tendo en conta o estado da técnica, os custos de aplicación, e a natureza, o alcance, o contexto e os fins do tratamento, así coma riscos de probabilidade e gravidade variables para los dereitos e liberdades das persoas físicas, aplicará medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade axeitado o risco, que no seu caso inclúa, entre outros:
 1. A seudonimización e o cifrado de datos persoais;
 2. A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento;
 3. A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso a os datos persoais de forma rápida en caso de incidente físico ou técnico;
 4. Un proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.
- D. A DEPUTACIÓN e o COAG tomarán medidas para garantir que calquera persoa que actúe baixo a súa autoridade e teña acceso a datos persoais so poida tratar ditos datos seguindo instrucións do responsable, salvo que estea obrigada a elo en virtude de dunha norma con rango de lei.
- E. A DEPUTACIÓN levará, por escrito, un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que conteña:
 1. Nome e os datos de contacto do encargado ou encargados e de cada responsable por conta do cal actúe o encargado.
 2. As categorías de tratamentos efectuados por conta de cada responsable.
 3. Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade apropiadas que estea aplicando.
- F. A DEPUTACIÓN poderá subcontratar ou delegar as prestacións que formen parte do obxecto de este contrato que comporten o tratamento de datos persoais, así como os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos seus servizos como encargado.

Para subcontratar ou delegar con outras empresas ou entidades, o encargado deberá comunicalo por escrito ó responsable, identificando de forma clara e inequívoca á entidade subencargada e os seus datos de contacto.

A subcontratación ou delegación poderá levarse a cabo se o responsable non manifesta a súa oposición no prazo de 30 días.

O subencargado, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas en este documento para el encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable.

Corresponderá ó encargado inicial regular a nova relación, de xeito que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade, etc.) e con os mesmos requisitos formais que el, no referente ó axeitado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ó cumprimento das obrigacións.

- G. A DEPUTACIÓN asistirá ó COAG, na resposta ó exercicio dos dereitos de:
 1. Acceso, rectificación, supresión e oposición
 2. Limitación do tratamento
 3. Portabilidade de datos
 4. A non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís)A DEPUTACIÓN terá que resolver, por conta do responsable, e dentro do prazo legalmente establecido, as solicitudes de exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, en relación con os datos contidos na documentación depositada.
- H. Corresponde o COAG, como responsable do tratamento, facilitar o dereito de información ós afectados en el momento da recollida dos datos.
- I. A DEPUTACIÓN notificará ó COAG, sen dilación indebida e a través da dirección de correo electrónico que lle indique o responsable, as violacións da seguridade dos datos persoais ó seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para la documentación e comunicación da incidencia. Así mesmo, corresponderá a DEPUTACIÓN comunicar as violacións da seguridade dos datos á Autoridade de Protección de Datos.